FRAGA E SEIMEIRA DE SAN XES

Adela Leiro, Mon Daporta

Distancia: 7,6 km (ida e volta)
Dificultade: media
Duración: 3 horas





Unha ruta no concello da Pontenova polo interior da fraga de San Xes, que forma parte do espazo protexido como LIC (rede Natura 2000) “Carballido”, unha área de gran interese por ser unha das fragas mellor conservadas de Galicia. No seu interior atópase unha fermosa fervenza no río Bidueiro (Reigadas-Eo) que baixa por un estreito cavorco de cuarcitas nun recuncho no que se conservan varios muíños. A seimeira ten pouca auga pero é de considerable altura.

COMO CHEGAR

Está indicada como ruta da Seimeira. Pódese facer desde a parte alta da aldea de San Xes ou desde Vilarxubín. Para ver a seimeira desde abaixo hai que baixar pola ladeira (con bastante dificultade) na proximidade dos muíños.